


Bloque 1 -- Unidade Didáctica 3

A CAPACIDADE SIMBÓLICA E CREADORA DO SER HUMANO



1.- A CAPACIDADE CREADORA DO SER HUMANO

O SH é un ser social que vive en grupo. Para poder vivir nesta comunidade necesita adaptarse ao seu entorno. Esta adaptación chámase cultura. As definicións de cultura son múltiples pero no que coinciden todas é en asegurar que é un sistema de símbolos moi complexo.

Un **signo** sempre consta de:

- SIGNIFICANTE: elemento a través do cal se fala
- SIGNIFICADO: a información do signo

Cassirer: O SH é un ser simbólico; está rodeado de símbolos e non hai actividade humana na que non estean presentes. O noso universo é simbólico. Os símbolos condicionan a nosa maneira de entender o universo.

2.- SÍMBOLOS DA NOSA SOCIEDADE

- **Os Mitos:** conxunto de relatos orais dos que se descoñece a orixe e que se transmiten de xeración en xeración, normalmente para transmitir unha ensinanza. Son comúns a un grupo humano ao que cohesionan e fainos diferentes dos grupos cos que non o comparten. Un mito é unha representación simbólica da realidade que da unha visión concreta do mundo.

- **A Relixión:** é outra representación simbólica da realidade. De feito moitos antropólogos consideran a relixión a evolución dos mitos no proceso de maduración da racionalidade humana. A través do simbolismo da relixión crease:

- un sentimento de vinculación (a comunidade)
- a afirmación da personalidade individual que comparte moitas cousas co grupo e que difire en outras (iso dálle a individualidade).

- teorías morais erguidas nunhas crenzas comúns que determinan as actuacións.

- **A Linguaxe:** un dos sistemas simbólicos máis complexos. Durante moito tempo pensamos que eramos a única especie que o tiñamos, actualmente contemplamos outras especies superiores que o desenvolveron, aínda que moito menos evolucionado. Para a especie humana, a linguaxe é moito máis que un sistema de comunicación. Todo o que apreendemos e comprendemos é a través da linguaxe. A linguaxe é o filtro a través do cal entendemos a realidade. A linguaxe ten dúas funcións:

- Función semántica: significar cousas non presentes a través duns sons que non se lle parecen. Está é un avance extraordinario para a humanidade, é a **linguaxe simbólica**.

- Funcións pragmática: pero a linguaxe non só significa neutralmente a realidade, senón que pódese usar con “intencionalidade” para manipular, convencer ou terxiversar. A linguaxe crea emocións e sentimentos que podemos usar con un obxectivo. A linguaxe:

- Modela a mente humana

- Non só representa a realidade senón que tamén a constrúe.

- **A Arte:** a arte, sexa figurativa ou non, reproduce cousas; pode reproducir a realidade externa ou a interna. O artista representa a realidade pero o facelo interprétaa. Por tanto podemos dicir que a arte é un medio no que, a través duns **símbolos**, exprésanse ideas e conceptos; é **un sistema simbólico complexo**. A interpretación que o artista faga da realidade é peculiar e única, porque é a súa. De aquí a grandeza das obras de arte.

As interpretacións da realidade nunca son neutras, sempre teñen un significado e unha intencionalidade. Podemos dicir que unha obra de arte:

É un diálogo aberto entre un/a artista que querenos contar que ve (como ve a realidade) e porque a ve así; e nós, os espectadores, debemos de saber valoralo e entendelo (debemos coñecer o sistema simbólico con o que estamos a falar).

Por tanto a arte non é algo instintivo de gustar ou non gustar; a arte hai que entendela e para iso precisamos unha educación estética (precisamos que alguén nos mostre o código simbólico). Igual que non podes gozar dunha novela se non coñeces ben a lingua na que está escrita, tampouco podemos entender unha pintura ou unha sinfonía senón comprendemos o seu código.

Por que non consideramos todas “as interpretacións da realidade” obras de arte? Porque non todo o mundo é capaz de plasmar plasticamente, a través da música, da literatura, do cine, a realidade, non todo mundo sabe crear un sistema simbólico de representación que cause pracer estético.

3.- QUE SIGNIFICA CREAR

Ineludiblemente unido ao concepto de arte aparece o de **creación**. Crear é producir algo dende a nada. Nese sentido tan estrito o SH non é creador. Pero se entendemos crear como modificar o entorno transformándoo, podemos dicir que somos creadores e a arte é unha maneira de creación.

3.1.- Que consideramos arte?

Falamos de arte en calquera actividade capaz de producir obxectos aptos para suscitar, única e exclusivamente, unha experiencia estética no espectador. Segundo isto, non é arte unha paisaxe por moi bela que sexa porque non foi creada por ningún SH; tampouco o é unha peza artesanal por moi ben feita que estea porque creouse con unha funcionalidade, non unicamente para producir pracer.

Aínda así, ao longo da historia, moitos obxectos artísticos usáronse con unha finalidade:

- Función pedagóxica: transmitir coñecemento e información. En Exipto, Grecia, Roma ilustraba grandes acontecementos. Durante a Idade Media ilustraba sobre Historia sagrada a través das pinturas de igrexas e catedrais a unha sociedade analfabeta. Durante a Ilustración facía propaganda da monarquía e informaba da súa riqueza e poder.
- Función ética: a arte moitas veces quere operar unha “transformación/depuración” no espectador; variar o noso sistema de valores.
- Función política: de propaganda do poder establecido (que paga as obras) para calmar e convencer á poboación; e mostrando o poder e grandeza.
- Función estética: educa o bo gusto.

3.2.- Clasificación dos xéneros artísticos

XÉNERO ARTÍSTICO	MANIFESTACIÓNS	DIMENSIÓN NA QUE SE DESENROLA
ARTES PLÁSTICAS	Arquitectura, Escultura, Pintura, Artes gráficas, Debuxo, Gravado, Cómic, Graffiti	Desenrólanse no espazo, non poden mostrar o tempo. Captan nun instante a forza de toda unha situación. A unidade do instante dálles unha potencia transcendente.
ARTES SONORAS	Música en calquera das súas variedades	Desenrólanse no tempo. Son a combinación de so e silencio. A cadencia do tempo que pasa provoca evocación e sentimentos.
ARTES LITERARIAS	Poesía, Novela, Ensaio, Teatro, Guións de cine, Artigos periodísticos, etc	Combinan espazo e tempo. Crean novos espazos e pódennos trasladar a mundos ignotos. Pero solen ser moi obxectivos por eso non crean evocación nin teñen a transcendencia do instante conxelado.

ARTES ESCÉNICAS	Danza, Teatro, Ópera, Mimo, Performance, etc	Son a combinacións de moitas outras manifestacións; desenvólvense en varias dimensións.
ARTES AUDIOVISUAIS	Fotografía, Cine, videos, tik-tok, etc	Son a combinacións de moitas outras manifestacións; desenvólvense en varias dimensións.

4.- CONCEPTO DE BELEZA

Podemos definir beleza como: *Unha cualidade presente en algúns obxectos moi facilmente recoñecible (a recoñecemos en canto a vemos) pero moi difícil de describir.*

A pregunta é: o **belo** agrada porque é belo? Ou é **belo** porque agrada?

E dicir: a beleza é unha cualidade do obxecto? Ou é o suxeito quen a través da súa maneira de captar, ve belo o obxecto? É dicir é unha cualidade do suxeito e, como tal, condicionada por unha cultura?

Temos dúas maneiras de responder a esta pregunta:

- **Obxectivismo estético:** a beleza é unha cualidade do obxecto. Agrada porque é belo. Por tanto existe unha idea única de beleza e tódolos observadores veremos belas as mesmas cousas que participan desa idea.
- **Subxectivismo estético:** os obxectos non son nin belos nin feos en si mesmos. É o espectador quen traslada os seus gustos a un obxecto en función das vivencias, sentimentos, cultura, etc que teña vivido e que forxaron a súa sensibilidade estética. Neste caso o obxecto é belo porque agrada.

5.- A ESTÉTICA

A estética definida como unha disciplina filosófica, enténdese como unha reflexión teórica en torno á beleza e o arte. Por tanto unha reflexión que fai referencia a:

- Que converte a unha cousa en obxecto estético?
- En que se basean os xuízos estéticos? Que lles da validez?
- En que consiste unha experiencia estética?

5.1.- Que é un obxecto estético?

É calquera obxecto percibido como obra de arte. Por tanto, aínda co obxecto xa exista, debe ser percibido por alguén como artístico. As veces o obxecto estético non é percibido ou é percibido parcialmente como tal, e non é considerado obra de arte. Pode ser por:

- Unha mala execución (no caso da música, teatro, danza, etc)
- Falta de educación estética, non comprendemos o obxecto (non somos capaces de descodificar o seu significado).

5.2.- Que é unha experiencia estética?

É o sentimento de pracer de balde, desinteresado (non aporta outra cousa que pracer) que experimentamos ante un obxecto. A experiencia ten dúas partes:

- Presencia e Percepción: é necesario que obxecto e suxeito se atopen; non pode ser unha evocación.
- Reflexión e emoción: non é de abondo ca percepción; a experiencia estética precisa unha reflexión sobre a emoción sentida. Se diciamos ca arte é simbólica, precisa interpretación.

Por tanto a experiencia estética é un acto sensitivo nun primeiro momento pero intelectual despois.

5.3.- Que é a actitude estética?

Consiste nunha actitude especial para recibir o obxecto estético, que consiste en:

- xenerosidade: non queremos conseguir nada con esa actitude
- gratuidade: non hai un interese crematístico no noso achegamento ao obxecto
- provisionalidade: o goce estético é moi instantáneo, nalgúñas manifestacións dura máis que en outras; pero en todo caso nunca é definitivo.
- distanciamento: o obxecto estético percíbese como algo oposto a nós.

6.- A ESTÉTICA NO SÉCULO XX E XXI

Desde inicios do século XX ca aparición das vangardas, a arte vólvese non figurativo. O foco céntrase, dende ese momento, na súa **significación**. A arte é unha linguaxe a través do cal o/a artista expresa o seu mundo interior (os seus sentimentos, estado de ánimo, etc) e/ou a súa visión da realidade. Para entenderse artista e espectador deben compartir un código de significados.

As características xerais deste arte son:

- Interesa abraiarse ao espectador; inclúe: o feo, o grotesco, o ridículo.
- Non hai ningún interese en reproducir a realidade. A arte é abstracta e subxectiva.
- Incorporacións de materiais ata de agora desbotados por ser considerados de “baixa cualidade” (plásticos, materiais reciclados ...). Tamén usa novos soportes, novas texturas e novas plataformas de difusión.
- Ruptura de fronteiras entre manifestacións artísticas e aparicións de manifestacións novas: *happening*, *body art*.
- O audiovisual, nas súas infinitas posibilidades, convértese na manifestación artística por excelencia.
- O graffiti, sendo un vello coñecido, cobra un sentido especial como manifestación de arte urbano, reivindicando temas e canles de difusión ao alcance de todos
- O arte do século XXI defínese en definitiva como: efémero e ao alcance de todos.

